

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre a elevada temporalidade que sofren as persoas que traballan no sector público en Galicia.

A taxa de temporalidade das persoas asalariadas do sector público acadou no cuarto trimestre de 2016 un valor excepcionalmente alto: o 24,5% das persoas que traballan para as administracións públicas son temporais, ou dito de xeito máis gráfico, un de cada catro empregadas e empregados públicos ten un contrato de duración determinada.

Aumenta a taxa de precariedade por dous motivos: redúcese o número de persoas con contrato indefinido mentres que aumenta o número de empregados públicos precarios. Son os dous motivos, non que aumente máis o emprego temporal senón que o emprego estable está caendo nos últimos anos en valores absolutos.

Dende o cuarto trimestre de 2013 o número de persoas empregadas nas diferentes administracións públicas en Galicia cun contrato temporal aumentou en 10.000 mentres que as que teñen un contrato indefinido caeron en 13.000 empregos: hai menos emprego público e, ademais, é de peor calidade.

Aumentan os temporais e caen os indefinidos, o que provoca un incremento da taxa de temporalidade, que pasou do 18,5% no cuarto trimestre de 2013 ao 24,5% no mesmo período de 2016: un incremento de seis puntos que equivale a un crecemento desmesurado da temporalidade do 33% en apenas 3 anos.

As administracións públicas non cobren as súas necesidades, derivadas, en moitos casos, da xubilación dos empregados indefinidos, con contratos estables ou con ofertas públicas de emprego (OPE) e iso provoca o aumento tan acelerado da temporalidade, situando a taxa case ao mesmo nivel que no sector privado, apenas dous puntos por baixo.

A responsabilidade da Xunta de Galicia é obvia nesta cuestión, en especial porque a taxa de temporalidade do emprego público é maior en Galicia que en España: no final de 2016 a taxa aquí é do 24,5% mentres que a media do Estado é do 22,8%, case dous puntos menos.

Aínda por riba, a evolución é moito peor en Galicia dende o ano 2013, porque no cuarto trimestre dese ano a taxa en Galicia era do 18,5% fronte o 19,9% de media estatal. En apenas tres anos pasamos de ter unha taxa inferior en 1,4 puntos á media española a estar 1,7 puntos por riba, o que supón un grave deterioro de máis de tres puntos en contra da estabilidade laboral do emprego público no noso país en comparación co Estado.

Ante esta situación o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inicie, de xeito inmediato, o diálogo cos representantes legais, dos empregados e as empregadas que traballan na administración autonómica, para negociar e acordar as medidas necesarias para mellorar a calidade do emprego público combatendo a precariedade crecente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.